



De seguido infórmolle dos acordos, da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o mércores, día 21 de xullo de 2004, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñería de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

- * Asuntos de profesorado:
 - Concesión da comisión de servizos para o curso 2004/05 a Dona Pilar Abad Romero na Universidade de Barcelona.
 - Convocatoria de concurso de acceso entre habilitados:
T06 505 TIT-UN PONTEVEDRA
- * Aprobación das materias obxecto de validación entre os estudos universitarios da Enxeñería técnica de telecomunicación (especialidade Son e imaxe), Enxeñería técnica de telecomunicación (especialidade Sistemas de telecomunicación) e Diplomatura de ciencias empresariais (campus Ourense e Vigo) e os ciclos superiores de formación profesional (ao aveiro do convenio entre a Consellaría de Educación e a Universidade de Vigo).
- * Autorización ao reitor para a resolución da cesión e a reversión á Universidade de Vigo do edificio Miralles.
- * Aprobación da aplicación de remanentes de libre disposición.
- * Aprobación da proposta sobre o persoal laboral ao que fai referencia a disposición transitoria cuarta do primeiro convenio colectivo da Universidade de Vigo.
- * Aprobación das seguintes direccións de área:
 - Dirección da Estación de Ciencias Mariñas.
 - Dirección do Centro de investigación, transferencia e innovación (C.I.T.I.) do campus universitario de Ourense.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
- * Aprobación da modificación do apartado 10.1.2, caso 1 das Normas de xestión académica.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo – Prórroga do convenio entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal de Viçosa – Renovación do acordo marco entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Costa Rica – Convenio xeral entre a Universidade Simón Bolívar e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación internacional entre a Cooperativa de ensino superior artístico de Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo e Proxecto específico para a impartición do curso de doutoramento: “Modos de coñecemento na práctica artística contemporánea”.
- * Facultar ao reitor para que en nome do Consello de Goberno, eleve ao Consello Social a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos docentes e investigadores correspondentes á convocatoria do 28 de abril de 2004 (DOG do 5 de maio).

Vigo, 22 de xullo de 2004
A Secretaria Xeral

M^a Teresa Iglesias Randulfe